



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2023/3 ORDINARIA DO PLENO DO XOVES DÍA 11 DE MAIO DE 2023
EXPEDIENTE: 2023/G010/000003

ACTA Nº 2023/3 SESIÓN DO PLENO - CASA DO CONCELLO, xoves 11 de maio de 2023 -

No día de hoxe, ás 13: 51 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luís Constante Freire Pérez de Juan

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

Secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora *interina*

Cristina Ciudad-Buitrago Rúa

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario en réxime de acumulación da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ABEGONDO
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE ABEGONDO PARA O



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

EXERCICIO 2023

4. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DE 1 ANO DO CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ABEGONDO

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 1 TRIMESTRE 2023

7. DECRETOS DA ALCALDÍA

8. ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 13.02.2023 que estaba pendente de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

PROPOSTAS ORDINARIAS

2.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral.

ASUNTO: ACTUALIZACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ABEGONDO

EXPEDIENTE: 2023/E004/000001-2023/G006/000087

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-Polo pleno deste Concello de data 18.06.2012 foi aprobada inicialmente a relación de postos de traballo do Concello de Abegondo, que foi publicada no BOP, número 122 do xoves 28 de xuño de 2012 sen que houbera alegacións e foi aprobada definitivamente en pleno o 27.07.2012. Esta RPT foi modificada puntualmente en decembro de 2016.

SEGUNDO.-É necesario actualizar a dotación económica Relación de postos de traballo -RPT- por canto é necesario adecuala as actualizacións económicas.

TERCEIRO.- A Proposta de actualización da dotación económica da RPT concello de Abegondo consta de:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- 1.- Introducción
 - 2.- Organigrama municipal
 - 3.- Actualización da dotación económica dos postos da RPT
- Anexo: valoración de postos

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable no procedemento de aprobación da Relación de Postos de Traballo é a seguinte:

- Os artigos 31 a 39, e 69 a 77 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Os artigos 22.2.i) e 90.2 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO.- O artigo 74 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, establece que "as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos".

SEGUNDO.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, no seu artigo 90.2 prevé que as Entidades Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ao Estado establecer as normas con arranxo ás cales haxan de confeccionarse as RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación.

Engade o artigo 126.4 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local -TRRL- que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse con arranxo ás normas previstas no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

TERCEIRO.- A aprobación da RPT e consecuentemente das súas modificacións corresponde ao Concello Pleno, en virtude do previsto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, sen que tal atribución poida ser obxecto de delegación (art. 22.4 LRBRL).

Cando a modificación da RPT supoña modificación do persoal, deberá seguirse os mesmos trámites que para a aprobación do Orzamento municipal (art. 126.3 TRRL):



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tño.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- O acordo de aprobación inicial exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, ao Boletín da Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.
- O acordo de aprobación definitiva do persoal e da RPT deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, ao Boletín da Comunidade Autónoma uniprovincial e comunicarse á Administración do Estado e á Administración Autonómica, no prazo máximo de 30 días hábiles (art. 127 TRRL). Ademais, a proposta de modificación en canto supoña incremento de gastos deberá ser informada pola Intervención municipal. E por aplicación do disposto nos artigos 34 e 37.-c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, deberá ser obxecto de negociación previa na respectiva mesa de negociación.

CUARTO.-O artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, establece as seguintes características en canto á tramitación das relacións de postos de traballo dentro da administración local:

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.
2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente, segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.
3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- En canto á natureza xurídica da RPT a cuestión viuse suxeita a variacións e vaivéns doutriniais e xurisprudenciais, aínda cando, pode considerarse pacífica a súa cualificación como "actos plúrimos con destinatarios indeterminados" con exclusión da súa cualificación como disposición de carácter xeral ou regulamentario.

Isto explica, entre outras cousas, que, cando non modifique o persoal orgánico, non se precise a publicación da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, ao Boletín da Comunidade Autónoma uniprovincial a efectos de presentación de alegacións ou reclamacións (Sentenza do TS de 4 de febreiro de 2002 con referencia a outras anteriores) e que lla distinga das normas regulamentarias que teñen por obxecto executar unha Lei ou completar a regulación das condicións de acceso ou de exercicio da función pública, desde o momento en que o seu labor non é outro que o de definir as características esenciais dos postos de traballo.

Este criterio é mantido, pola Sentenza do TSJ do País Vasco, de 2 de xullo de 2009, en canto ao procedemento legalmente disposto para a aprobación da RPT, ao manifestar que a normativa reguladora do réxime local non establece un procedemento administrativo especial que canalice as actuacións administrativas que culminan coa aprobación do instrumento técnico de ordenación do persoal e de racionalización das estruturas administrativas de acordo coa previsión dos gastos de persoal, legalmente denominado RPT. Tampouco se denota a existencia de normas especiais de procedemento derivadas da natureza xurídica deste instrumento de xestión do persoal.

En concreto, cabe descartar a aplicación do procedemento de elaboración de regulamentos tendo en conta que a xurisprudencia, a partir da Sentenza do Tribunal Supremo de 26 de maio de 1998 parece decantarse pola



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

cualificación das RPT como actos plúrimos con destinatarios indeterminados, apartándose, así, da súa inicial cualificación como regulamentos de persoal (por todas, Sentenza do TS de 14 de xullo de 1993, de 26 de maio de 1994, e de 25 de abril de 1995).

En harmonía co exposto non é necesario o trámite de información pública, que teñen as normas regulamentarias. De aí, a diferente natureza xurídica da RPT -acto administrativo con destinatarios indeterminados-, e o persoal de persoal, como anexo de persoal ao Orzamento Xeral.

SEXTO.- Con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa correspondente, a de asuntos xerais, neste caso, por así esixilo, entre outros, os artigos 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local-LRBRL- e 82 , 123 , 126 , entre outros, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro -ROF-.

SÉTIMO.-As actualizacións económicas dos postos de traballo da RPT axústase ao establecido na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado. O Título III da dita lei rubricase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos. No Capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos de persoal coa previsión xeral de que no ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público terán un incremento do 3,5 por cento co seguinte detalle:

- 2,5 por cento de incremento fixo
- dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha, a primeira vinculada ao Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado (LPCA) e a segunda ao Produto Interior Bruto (PIB) nominal.

Así mesmo, axústase ao Real decreto 99/2023, do 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2023 (BOE núm. 39 do 15 de febreiro de 2023) fixa o novo SMI para 2023, que queda establecido en 1.080 euros mensuais.

Á vista de todo o exposto e tendo en conta que a modificación proposta supón modificación do persoal, **PROPONSE:**

PRIMEIRO.- A convocatoria da mesa xeral de negociación ao obxecto de dar cumprimento ao previsto nos artigos 34 e 37.-c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Someter a proposta a informe da Intervención municipal.

TERCEIRO.- Someter a ditame da Comisión Informativa de asuntos en xeral a proposta de modificación do persoal orgánico e da relación de postos de traballo , para a súa posterior inclusión na orde do día da correspondente sesión plenaria.

CUARTO.- O acordo exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por 20 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso de que se presenten reclamacións serán resoltas polo Concello Pleno no prazo dun mes.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE ABEGONDO PARA O EXERCICIO 2023

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral.

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL ANUALIDADE 2023

EXPEDIENTE: 2023/T004/000001

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte, **INFORME:**

PRIMEIRO. De conformidade co artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e a el deberá unirse a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
2. Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
3. Anexo de persoal da Entidade Local.
4. Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
5. Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
6. Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento municipal e das obrigación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
7. Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- ▣ A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- ▣ A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- ▣ O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- ▣ O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- ▣ A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- ▣ As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- ▣ A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- ▣ O artigo 4.1.b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- ▣ *O Real Decreto-lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social.*
- ▣ *O Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.*
- ▣ *O Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

TERCEIRO. O modelo normal de contabilidade debe aplicarse os municipios nos cales o orzamento exceda de 3.000.000 euros, así como naqueles que orzamento non supere este importe pero exceda de 300.000 euros e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

CUARTO. O Procedemento a seguir será o seguinte:

A. No exercicio das funcións recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitirase o correspondente informe de Intervención.

B. Posteriormente, o órgano interventor deberá elaborar un informe para o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira, de conformidade co artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

C. Emitido Informe pola Intervención, emitirase Ditame da Comisión Informativa de Facenda, que o elevará o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación, para a súa aprobación.

O Pleno será o órgano competente para aprobar o orzamento municipal, sendo o quórum necesario para a válida adopción do acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos 22.2 e) e 47.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

D. Aprobado inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2021, exporase ao público, previo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

E. O orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

F.- No caso de que se presentarán alegacións, o órgano de intervención procederá á informar as mesmas.

G.- Á vista das alegacións presentadas e o informe de intervención a Comisión informativa de facenda emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte do pleno da corporación

H. O Orzamento municipal deberá publicarse no *Boletín Oficial da Provincia* e no *Taboleiro de Anuncios da Corporación*. resumido por capítulos, entrando en vigor no exercicio 2021, una vez sexa publicado na forma prevista anteriormente.

I. Deberá remitirse una copia do mesmo á Administración do Estado e á comunidade autónoma de Galicia, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao *Boletín Oficial da Provincia* do anuncio descrito anteriormente.

QUINTO. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de devandita Xurisdición, en virtude do artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, emito o seguinte **INFORME-PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Abegondo para o exercicio económico 2023, segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	Ingresos	Gastos
1	1.345.541,00	1.486.540,30
2	170.000,00	2.840.866,00
3	620.100,00	4.200,00
4	2.677.701,50	261.472,52
5	500,00	
6		1.846.014,23
7	1.235.250,55	
9	440.000,00	50.000,00
TOTAL	6.489.093,05	6.489.093,05



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a Plántella que se acompaña como Anexo ao Proxecto de Orzamento.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no BOP de A Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Orzamento e a Plántella consideráranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

4.-PRÓRROGA 1 ANO DO CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral.

ASUNTO: PRÓRROGA 1 ANO DO CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA

EXPEDIENTE:2021/C004/000005-2023/G006/000059

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno do Concello de Abegondo, na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2022 adjudicou o contrato administrativo do, "Servizo de axuda no fogar no Concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència", expediente 2021/C004/000005 ", a empresa A0 Mayores servicios sociales S.L. con CIF B-15856941.

SEGUNDO. Segundo o prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, sinálase na cláusula 6:

"6. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración inicial do contrato será de UN ANO que contará desde o momento da súa sinatura, con posibilidade de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

prórroga dun ano máis ata un total de dous anos.

TERCEIRO. Segundo o prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, contará desde o momento da súa sinatura .

O dito contrato foi asinado o día 30 de maio de 2022.Comezando a execución o día 1 de xuño de 2022.

CUARTO. Consta no expediente informe proposta de secretaría.

QUINTO. Consta no expediente informe da técnica municipal do día 27 de marzo de 2023 informando a prórroga do contrato.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Sen prexuízo das normas específicas aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización destas.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta que a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

A resolución mediante a que se acorde a prórroga será notificada ao contratista.

SEGUNDA. Segundo o prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, sinalase na cláusula 6:

“6. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración inicial do contrato será de UN ANO que contará desde o momento da súa sinatura, con posibilidade de prórroga dun ano máis ata un total de dous anos.”

O dito contrato foi asinado o día 30 de maio de 2022.Comezando a execución o día 1 de xuño de 2022.

TERCEIRA. A idoneidade da prórroga. Considérase axeitado acordar a prórroga do contrato de acordo co informe da técnica municipal de data 27/03/2023 ,polos seguintes motivos:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

1. Cómpre sinalar que se trata dun servizo esencial e de competencia municipal, que non se pode deixar de prestar para a asistencia básica das persoas dependentes do municipio.

2. A prestación do servizo que realiza o concesionario desenvólvese satisfactoriamente e responde ás expectativas depositadas.

Á vista do exposto e de conformidade co que preceptúan os artigos 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 64.2 da Lei de administración local de Galicia, así como a disposición adicional II do LCSP, PROPOÑO, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO :

PRIMEIRO. Acordar a prórroga contrato para a prestación do contrato administrativo do, "Servizo de axuda no fogar no Concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència ", expediente 2021/C004/000005 ", a empresa A0 Mayores servicios sociales S.L. con CIF B-15856941, por 1 ano máis. Esta prórroga é a única contemplada no contrato e estenderase dende o día 01/06/2023 ata o día 31/05/2024.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao representante da empresa e citalo para a formalización da prórroga.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO. Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a consecución do presente acordo.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno, para a súa ratificación, na primeira sesión que se celebre, en cumprimento do disposto no art.42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

**5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE ABEGONDO**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ORDENANZA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA CONCELLO DE ABEGONDO

EXPEDIENTE: 2023/X999/000033-2023/G006/000058

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O instrumento axeitado para regular a Administración Electrónica por este Concello é a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete as leis e os Regulamentos estatais e autonómicos, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a ditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

SEGUNDO. O alcalde ditou a providencia de inicio do expediente.

TERCEIRO. Consta o informe de secretaría de procedemento.

CUARTO. O concello realizou o anuncio no Portal Web do Concello da Consulta Pública.

QUINTO. Consta o Proxecto de Ordenanza.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigos 9,10.3,13 ,14 ,16.4 ,17.4,20,27.3.c ,30,53,68 da Lei 39/2015,de 1 de outubro,do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Artigo 41.1. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].
- O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO .No exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. No preámbulo, dos proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación a devanditos principios.

[No proxecto de Ordenanza así como no preámbulo do texto definitivo da mesma deberá acreditarse a súa adecuación aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concretamente:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa deberá estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos].

SEGUNDO. Conforme ao artigo 129.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan una participación activa na elaboración das normas.

Neste sentido, sinala o artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, publicarán os proxectos de Regulamentos cuxa iniciativa lles corresponda. Cando sexa preceptiva a solicitude de ditames, a publicación producirase una vez que estes sexan solicitados aos órganos consultivos correspondentes sen que iso supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

TERCEIRO. Cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, o informe económico deberá cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

CUARTO. Durante todo o proceso de aprobación da Ordenanza municipal reguladora de Administración Electrónica deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

QUINTO. A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

A. Con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza, realizarase a Consulta Pública previa, a través do portal web do Concello, sinalando expresamente que dita publicidade realízase aos efectos de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

O Concello publicará un Anuncio-Memoria na que recollerá os extremos previstos no artigo 133.1 da Lei 39/2015.

[O prazo da consulta pública previa, por analogía co artigo 82.2 da Lei 39/2015, non será inferior a dez días nin



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

superior a quince].

B. Á vista do resultado da consulta pública previa, por Providencia de Alcaldía, solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia, a elaboración da Ordenanza municipal xeral reguladora de subvencións

C. Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro da Ordenanza, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Simultaneamente, publicarase no portal web do Concello [dirección <https://sede.abegondo.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Así mesmo, poderase solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

[Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos no artigo 133 no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen].

D. Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

E. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

F. O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<https://sede.abegondo.gal>]

[En virtude do artigo 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as normas con rango de lei, os regulamentos e disposicións administrativas deberán publicarse no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos. Adicionalmente, e de maneira facultativa, as Administracións Públicas poderán establecer outros medios de publicidade complementarios.

A publicación dos diarios ou boletíns oficiais nas sedes electrónicas da Administración, Órgano, Organismo público ou Entidade competente terá, nas condicións e coas garantías que cada Administración Pública determine, os mesmos efectos que os atribuídos á súa edición impresa].



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

G. O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza ou, no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada dos mesmos.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.D) d 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local, previo ditame da Comisión informativa, **PROPOÑO o Pleno:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora de Administración Electrónica do Concello de Abegondo, nos termos que figura nesta expediente como anexo.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza Municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de trinta días, para que se poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.
Simultaneamente, publicar o Texto da Ordenanza Municipal no portal Web do Concello <https://sede.abegondo.gal> ,co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo pleno e o acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co Texto íntegro da mesa, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.abegondo.es>. Ademais, remitirase á administración do Estado e ao departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia auténtica autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 10 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p>Abstencións: 0</p> <p>Votos en contra: 0</p>
--

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 1 TRIMESTRE 2023

Dáse conta



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

7. DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN ANO 2022

Dáse conta

7. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

8. ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

O alcalde agradece a súa participación, adicación e bo trato coa cidadanía aos concelleiros saíntes, tanto Luís Freire como todos os membros de AxA.

Ás 14:15 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario en réxime de acumulación

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.